



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

O Colexio de Traballo Social de Galicia denuncia e lamenta a exclusión inxustificada do Traballo social nas Comisións de garantía e avaliación da Lei de Eutanasia

Logo da entrada en vigor, o pasado venres 25 de xuño, da Lei Orgánica 3/2021 de Regulación da Eutanasia, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia reivindicou en repetidas ocasións os coñecementos do perfil profesional do Traballo social para pór en consideración as circunstancias sociais e sociosanitarias de cada solicitude.

No capítulo V da Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo, de regulación da eutanasia respecto á creación das comisión de Garantía e avaliación, indica que existirá unha Comisión en cada unha das Comunidades Autónomas, estando composta por un equipo multidisciplinar e contando cun mínimo de sete membros na mesma. Asemade, no artigo 17.2 engade que *“En el caso de las Comunidades Autónomas, dichas comisiones, que tendrán la naturaleza de órgano administrativo, serán creadas por los respectivos gobiernos autonómicos, quienes determinarán su régimen jurídico”*.

Outras Comunidades Autónomas contemplan o profesional de Traballo social nas Comisións de Garantías, tales como Asturias, Madrid, Cataluña ou Valencia, mentres que Galicia vén de confirmar a exclusión inxustificada da figura do Traballo Social.

As doce profesionais que formarán parte da Comisión de seguimento e Avaliación en Galicia serán: sete profesionais do persoal médico, dúas profesionais da enfermaría e tres profesionais xuristas con coñecementos de dereito sanitario ou bioética. Como se pode observar non existe ningunha figura sensible aos aspectos sociais que conlevan tomar a decisión de acurtar a vida, así como tampouco funcións de acompañamento social durante todo o procedemento, polo que a atención ao cumprimento dos dereitos humanos e o dereito a morrer dunha forma digna, pódense ver vulnerados.

É preciso lembrar **a idoneidade e a cercanía da figura dos e das Traballadoras Sociais sanitarias** polos coñecementos propios da saúde e da intervención social que temos. Somos profesionais que estamos na encrucillada entre o social e o sanitario, cunha visión holística baseada nos dereitos humanos e na atención centrada na persoas, ademais dunha ampla experiencia na información e asesoramento sobre planificación de decisións

anticipadas á poboación na contribución para unha toma de decisións responsable en torno ao dereito a unha morte digna, que cada persoa considera, no marco da normativa existente.

A decisión de acurtar a vida ou de decidir poñer fin á mesma é un dereito propio da persoa, cando se dan as circunstancias recollidas na lei, pero existen aspectos sociais, morais, familiares, económicos e mesmo sanitarios nos que o/a Traballador/a Social Sanitaria pode contribuír, valorando axeitadamente as solicitudes de eutanasia e asesorando, tendo en conta a complexidade social e sociosanitaria de cada caso, coa finalidade de garantir decisións que respondan da mellor forma posible ás necesidades e desexos obxectivos da persoa, acordes aos principios e valores éticos.

O apoio emocional e social son campos que para as e os profesionais do Traballo social sanitario teñen dabondo os coñecementos expresos, como os poñen de manifesto noutras actuacións ante contornas e problemas que xeran malestar, inquietude e angustia, tanto á persoa inmersa nunha decisión desta natureza como a familia que se debe acompañar.

En virtude do exposto, o Colexio de Traballo Social de Galicia lamenta a decisión tomada pola Xunta de Galicia e manifesta o seu malestar ao non contemplar a figura do Traballo social Sanitario nesta Comisión, deixando en evidencia a parte social, de novo, de todas as persoas que deciden acurtar ás súas vidas.